

ENRIQUE ANTÓN CHOUCIÑO GARRIDO, na súa cualidade de concelleiro do **BNG**, e de acordo coa lexislación en vigor, presenta a seguinte

Rogo para a presentación de denuncia xudicial polo evento de todoterreos no Xalo

Nos últimos anos, foron varios os eventos organizados de quedadas e roteiros de todoterreos polo monte Xalo. A última da que temos constancia, o 29 de decembro de 2019. Non consta que tiveran autorizacións para a realización deste evento. En varios deses eventos dos últimos anos, o goberno municipal comunicou que tomaría accións. Non nos constan, máis alá da propaganda habitual deste goberno municipal. Decía o Sr alcalde que “ían chegar ao fondo deste asunto para aclarar os feitos”, unha vez máis.

Os destrozos en montes veciñais de Celas e Castelo, son numerosos. Pero estes eventos non se limitan a transitar por montes veciñais, non chegan alí polo aire, previamente, polo medio dos transectos, e no abandono do roteiro, transitan por vías públicas, tanto municipais coma doutras administracións, formando un todo de percorrido no que precisan autorización, que polo que imos sabendo, non tiñan.

A presenza da garda civil, foi inútil. Non se entende que, de non contar con autorización municipal, se permita continuar con un evento deste tipo. Habendo precedentes, e constando múltiples avisos tanto de eventos organizados coma de accesos de vehículos ao monte, prohibidos expresamente pola Lei de Montes.

Existe un convenio vixente, coa comunidade de monte “Xalo” da parroquia de Celas. Neste convenio, faise referencia a “...importancia social, cultural, paisaxística e patrimonial que o monte Xalo ten para os veciños de Celas e para o propio Concello.” ou “... a importancia do Monte na mellora do medio ambiente, na fixación de carbono atmosférico... sendo un dos activos fundamentais para a consevación das Mariñas como Reserva da Biosfera, recoñecida e avalada pola Unesco.”, “...tamén recoñece a extraordinaria importancia do Monte Xalo como garante da calidade das augas freáticas, parte delas aproveitadas polo servizo público do abastecemento municipal...”, e expresa a “...vontade de ambas as dúas partes de continuar na colaboración que veñen mantendo...e que reportaron logros importantes para os veciños.”

Cónstanos que a comunidade de montes “Xalo” da parroquia de Celas, presentou denuncia xudicial.

Non se pode deixar sós aos veciños integrantes das comunidades de montes, na

defensa dun dos nosos espazos naturais máis valiosos. Non poden quedar impunes as agresións reiteradas no tempo, por aquela xente que ademais sae a facer desprezos dos nosa veciñanza, de todos nós, cando os acusa de “paletos” ou de “ignorantes”, como todos puidemos ler por distintos medios, dos organizadores do evento do que falamos.

As agresións ao Xalo non quedan en eventos coma o que mencionamos, hai tamén incursións de vehículos a cotío, verteduras de lixo nos puntos máis insospeitados, agresións ás pedras significadas, etc... Compre unha acción que inicie unha transformación, unha percepción social, sobre a defensa institucional municipal do noso monte. Que os agresores saiban que non se van permitir as súas falcatruadas e que terán consecuencias os seus feitos.

En base a todo o anterior, queremos facer o seguinte:

Rogo ao Sr Alcalde

1. O goberno municipal traslade aos mandos da garda civil a necesidade da formación dos axentes en esta materia para que nun futuro poidan defender correctamente os intereses das veciñas e veciños de Culleredo. Este tema formará parte da orde do día da próxima convocatoria da Xunta de Seguridade Local.
2. Tendo en conta que por unha banda contamos con un convenio que nos obriga a defender o monte veciñal, e por outro lado que o evento transcorreu por viarios públicos; o Concello de Culleredo debe presentar denuncia xudicial contra os organizadores do evento do 29 de Decembro de 2019.

En Culleredo, a 24 de Febreiro de 2020.

Asdo.: Enrique Antón Chouciño Garrido